

M. Angeles Fernández Sotelo

Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización

Facultade de Matemáticas. Universidade de Santiago de Compostela

Tfno: 881813210. Correo electrónico: manges.fernandez.sotelo@usc.es

Estimadas/os compañeiras/os:

Como directora do Grupo de Traballo de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, desexo saudarvos de novo e dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

Cara o novo curso, comentar que todo será similar ao curso pasado como aparece nas informacións relativas a:

- Orientacións xerais
- Criterios xerais de avaliación
- Modelo de exame

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán.

No documento “Criterios xerais de avaliación”, aparecen as puntuacións dos exercicios de cada bloque, habendo dous exercicio de Álgebra, dous de Análise e dous de Probabilidade e Estatística, todos coa mesma puntuación máxima, para elixir 3 calquera. Sería conveniente que comentedes coas/cos alumnas/os os Criterios xerais de avaliación da proba e tamén informalas de que se resolven mais de 3 exercicios, só se avaliarán os tres primeiros exercicios que respondan.

O “Modelo de exame” proposto e indicativo tanto do contido a avaliar como do tipo de exame, este curso 2022-23 será **similar o do pasado curso**.

Polo tanto as “Orientacións xerais” os “Criterios xerais de avaliación” e o “Modelo de exame” son os mesmos que os do curso 21-22.

De novo reitero, non dubidedes en contactar comigo ou con algún membro do grupo de traballo para calquera aclaración.

Recibide un saúdo moi cordial.

Santiago de Compostela, Outubro 2022